

al

GUÍA DE CULTURA, SERVICIOS E OCIO EN FERROLTERRA XUÑO 2026

#216

MÚSICA

Les Greene

NO TEATRO JOFRE



Exemplar gratuito

De Ninglhures

EN SAN XIAO DE NARÓN

Eva Veiga

O día 13 de xuño Eva Veiga recibirá en Pontedeume a homenaxe “A escritora na súa terra”, unha iniciativa de referencia da AELG (Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega). Tralo Día das Letras quizais o recoñecemento maior a un creador na nosa lingua que este ano, elixida polos seus colegas, recaeu na poeta e xornalista de Ombre.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Alfonso Costa

Aí. Como recibiches e que significa para ti esta homenaxe da AELG?

EV. Recibino como sorpresa, abraio e un fondo agradecemento. É unha homenaxe por escribir na nosa lingua e que ademais ten un vínculo moi importante coa terra, algo que no caso da miña obra é radical. Da parroquia de Ombre e de toda a comarca do Eume nace a miña poesía. É o meu territorio fundacional, fornece a miña escrita e ademais é desde onde vexo o mundo.

Aí. Na lista de predecesores e predecesoras nesta homenaxe hai autores fundamentais das nosas letras. Destacas a alguén en especial?

EV. A todos. Síntome moi pequena á beira desta xente, déronlle altura ás nosas letras e lles debemos moito.

Aí. Que agardas desa xornada en Pontedeume?

EV. Seguro que vou estar moi nerviosa, imaxino unha xornada na que vou atravesar unha gran intensidade emocional. Na miña terra, con familia e amigos. Alí estarán os compañeiros da AELG, con

Cesáreo Sánchez Iglesias, Bea Maceda, Teresa Seara e xente moi querida.

Aí. Dese día quedará como recordo un monolito no paseo de Pontedeume e se plantará unha árbore. Cal elixiches e por que?

EV. Unha Ginkgo Biloba, unha árbore cunhas coras preciosas e un xeito único de desfacerse das súas follas. É un símbolo de resiliencia e iso identifícame con el. Foi a única árbore que sobreviviu á catástrofe da bomba atómica en Hiroshima.

Aí. Un recoñecemento como este engádese ao que che deron en 2020 coa publicación do libro “Fraxilidade consistente. Palabras para Eva Veiga”, como o que recibiches hai un par de anos nos Premios Mestre Mateo pola túa traxectoria audiovisual. Semella que chegou o tempo das homenaxes.

EV. Supoño que son os froitos que nacen da querenza dos amigos, a xente que o fai apréciache e quereche, e iso emociona.

Aí. Para que se escribe?

EV. Para que nos queiran, para sentírmonos queridos. Esa é a nosa felicidade nun

mundo como o que estamos a vivir. Así que temos unha responsabilidade coa nosa sociedade e denunciar a barbarie de tantas cousas como as que estamos a ver e que campan diante dos noso ollos. Ninguén pode enganarse, os bárbaros están aquí.

Aí. Que sentes cando ves a situación mundial hoxe?

EV. Vivimos nun mundo complexo cunha tecnoloxía que condiciona a información e a comunicación. Cunha sociedade atada a un algoritmo que loita por térmonos paralizados diante da pantalla, cun pensamento homoxéneo e como seres manipulables que non evolucionan, a diferenza da máquina que si o fai. As novas xeracións son cada vez menos intelixentes que as anteriores porque se busca eliminar a conciencia crítica, papel que debería xogar o ensino pero que non o fai. Isto ten implicacións políticas, cuns donos da tecnoloxía que son uns fascistas que buscan a explotación e afastarnos fisicamente os uns dos outros. Por iso deixamos de sentir

**“A POESÍA É A
MANEIRA QUE TEÑO
DE RELACIONARME
CO MUNDO”**



empatía e vemos o que pasa en Gaza a través dunha pantalla como se non fora con nós.

AÍ. Entón, que papel pode xogar a poesía nun panorama como este?

EV. A poesía é terrible para o poder, por iso non se ensina ben nas escolas. A poesía é necesaria como xeito de coñecemento, como expresión transformadora da sociedade. Parte da linguaxe para transformar o pensamento e o coñecemento.

AÍ. Con quen sentes que tes máis compromiso?

EV. Coa lingua e cunha mesma,

procurar sempre a honestidade total, desde unha perspectiva que a conecte coa sociedade e o mundo. Como escritora tes unha esixencia de contar o que pasa no teu tempo.

AÍ. A túa última obra publicada é “O que se volve raíz/Lo que se vuelve raíz” en edición bilingüe galego e castelán. Semella un traballo que sintetiza ben o que foi a túa creación.

EV. Si, estou moi contenta con este libro porque ao ser bilingüe tivo certa repercusión fóra de Galicia e os ecos e as críticas que me chegaron foron moi bonitos. Certamente é un

resumo dun xeito máis directo e máis estilizado de temas que sempre me preocuparon, a memoria, a vida e a morte, o paso do tempo, a linguaxe...

AÍ. E segues a escribir, tes proxectos?

EV. Si, sempre hai ideas e xa sei o próximo que vou escribir.

AÍ. Finalmente, que cres que fixo de ti a poesía?

EV. Para min a poesía é o xeito máis directo de comunicar o que sinto, a forma que me conecta co que máis me interesa e me vincula co meu tempo. É a miña maneira de relacionarme co mundo.

LES GREENE

& THE PICKIN' BOPPERS

**VENRES 5 DE XUÑO | 20:30 HORAS
TEATRO JOFRE**



embora
productions

FERROL

04 xoves

20.30 H

SINFÓNICA DE GALICIA

Música

AUDITORIO (FERROL)

16 €

A OSG OFRECERÁ O CONCERTO BEETHOVEN: A CONSAGRACIÓN DO ROMANTICISMO MUSICAL, DIRIXIDO POR VÍCTOR PABLO PÉREZ.

O concerto contará coa participación do pianista Rafał Blechacz como solista e incluírá obras de Ludwig van Beethoven, entre elas o Concerto para piano nº 3 e a icónica Quinta sinfonía, ademais dunha peza dedicada ao bicentenario do compositor coruñés Marcial del Adalid.

06 sábado

17.30/20.30 H

DAKRIS, O MAGO INVISIBLE

Maxia

AUDITORIO (FERROL)

33 €



UNHA DAS FIGURAS MÁIS RECOÑECIDAS DA NOVA XERACIÓN DE MAGOS PRESENTA NADA ES LO QUE PARECE, UN ESPECTÁCULO CHEO DE EFECTOS IMPOSIBLES QUE DESAFÍAN OS LÍMITES ENTRE REALIDADE E IMAXINACIÓN.

Dakris, primeiro Premio Nacional de Maxia e galardoado como mellor mago do ano, presenta un espectáculo no que desaparicións, teletransportacións, predicións e xogos de invisibilidade desafían a percepción do público.

A proposta combina ilusión, humor e participación dos espectadores nunha experiencia interactiva.

05 venres

20.30 H

LES GREENE

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

11/9 €



EXPLOSIVA COMBINACIÓN DE ROCK & ROLL E SOUL, CUN DIRECTO MARCADO POLA POTENCIA VOCAL DO ARTISTA NORTEAMERICANO, QUE SUBE ÁS TÁBOAS XUNTO Á BANDA THE PICKIN' BOPPERS.

Les Greene, coñecido internacionalmente por poñer voz ao mítico «Tutti Frutti» de Little Richard na película Elvis, promete un directo cargado de enerxía, ritmo e autenticidade. Nado en Tennessee en 1985 e afinado actualmente en Os Ánxeles, Greene converteuse nun dos nomes destacados da escena internacional grazas ao seu magnetismo sobre o escenario e á súa poderosa capacidade vocal. O seu espectáculo fusiona con naturalidade o rock n' soul e o rock & roll clásico, ofrecendo unha experiencia atemporal.

Especialmente cómodo nos rexistros máis ligados ao soul e ao rock de raíz americana, o cantante mantén sempre viva a esencia do soul máis auténtico, ao tempo que explora diferentes sonoridades sen perder personalidade propia. Esa combinación de forza vocal, carisma e entrega física converte cada concerto nun espectáculo vibrante.

06 sábado

20.00 H

O LIBRO DA SELVA

Musical

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50/5,50 €



ÁRTIKA CÍA PRESENTA UNHA ADAPTACIÓN DA OBRA DE KIPLING EN GALEGO, CON MÚSICA E VOCES EN DIRECTO, ESTÉTICA URBANA E UNHA IMPACTANTE POSTA EN ESCENA.

A proposta traslada a historia de Mowgli a unha selva urbana dominada polo temible Shere Khan, onde os animais forman parte de distintas tribos urbanas, como punks ou rapeiros. Con música en directo, esta adaptación do *Libro da Selva* combina diversión e reflexión nun dos poucos espectáculos de gran formato creados integramente en galego.

A produción foi recoñecida nos María Casares de 2026, nos que obtivo o premio á mellor maquillaxe.

06 sábado

17.00 H

XIGANTES E CABEZUDOS

Encontro

CASCO HISTÓRICO (NEDA)



MÁIS DE 40 FIGURAS PARTICIPAN NO I ENCONTRO DE XIGANTES E CABEZUDOS, CO QUE PIRUCHELA RECUPERA ESTA TRADICIÓN EN NEDA.

O encontro reunirá máis de 40 personaxes chegados de distintos puntos de Galicia, con participación de agrupacións de localidades como Pontedeume, Betanzos, Nigrán e Lalín.

A cita marca o regreso destas figuras desaparecidas da vila desde a década de 1940.

A venda en librerías

Suso Lista

Travesía

edicións **embora**

Suso Lista
Travesía

edicións **embora**

13 sábado 18.00 H

TRASANKOS ROCK

Festival

R/ DAS CERÁMICAS. SAN XIAO (NARÓN)



A MÚSICA MÁIS INTENSA E REIVINDICATIVA DO PANORAMA PUNK E ROCK SOBRE UN ESCENARIO QUE ACOLLE A DESTACADAS FORMACIÓNS DA ESCENA GALEGA E ESTATAL.

O II Trasankos Rock contará cun cartel integrado por seis bandas de estilos que van do punk urbano ao hardcore máis contundente. Á fronte da programación estará Kaos Urbano, grupo de referencia do barrio madrileño de Alcobendas, que incluírá Narón na súa xira conmemorativa polo 30 aniversario da banda. A cita tamén contará coa presenza de Rat-Zinger, coñecidos pola súa potente combinación de punk, hardcore e metal; de Ruxe Ruxe, unha das voces máis recoñecibles do rock combativo en galego; e de The Eskarallas, habituais dos escenarios punk-rock da comunidade. Completan o cartel Demenzia Sozial, formación coruñesa caracterizada pola súa enerxía e letras directas, e Lucy, banda de punk-hardcore madrileña integrada por mulleres.

13 sábado 20.30 H

RECONVERSIÓN

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



ESPECTÁCULO DE GRAN FORMATO PARA PÚBLICO ADULTO, CON OITO ACTORES QUE FORMAN UNHA CHARANGA E INTERPRETAN A BANDA SONORA EN DIRECTO.

Entre o íntimo e o político, o proxecto, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso, é un exercicio de memoria histórica arredor da reconversión no sector naval na ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, un home que traballou no estaleiro Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viviu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80.

11 xoves 20.00 H

JOSHUA KENNETH

Maxia

CENTRO CÍVICO DE CARANZA (FERROL)

DE BALDE

ESPECTÁCULO QUE MESTURA MAXIAS ORIXINAIS E INNOVADORAS CUNHA ATRACTIVA POSTA EN ESCENA.

O ilusionista Joshua Kenneth consolídase como un dos nomes galegos con gran proxección internacional no mundo da maxia. O artista, que percorre escenarios de todo o mundo, recibiu importantes recoñecementos, entre eles, o premio FISM Europeo obtido en Turín, que o situou como o segundo mellor mago de Europa.

20 sábado

22.00 H

LEVAINO!

Música

LUGAR DE VILASUSO. O VAL (NARÓN)

DE BALDE



XURXO FERNANDES PRESENTA ESTE ESPECTÁCULO QUE FUSIONA A TRADICIÓN ORAL GALEGA COAS SONORIDADES SEFARDÍS DO MEDITERRÁNEO ORIENTAL NUNHA PROPOSTA CHEA DE IDENTIDADE, INVESTIGACIÓN E FORZA ESCÉNICA.

Levaino! é o proxecto persoal máis ambicioso de Xurxo Fernandes, unha das voces máis singulares da música de raíz actual. Presentado en 2021, o traballo supón moito máis ca un disco ou un espectáculo: é unha viaxe de autorrecoñecemento na que o artista consegue unir as dúas grandes correntes que marcaron a súa traxectoria artística e vital, a tradición oral galega e as músicas sefardís do Mediterráneo oriental. A proposta constrúe unha ponte sonora entre Oriente e Occidente a través de doce temas nos que os sons máis arcaicos dunha Galicia ancestral dialogan co exotismo oriental.

O propio artista define este traballo como unha exaltación da identidade fronte á uniformización cultural da globalización. En *Levaino!*, a poderosa voz de Fernandes convértese no fio condutor dunha herdanza musical que se resiste ao esquecemento e que reivindica a autenticidade como forma de resistencia cultural.

Este espectáculo enmárcase dentro das actividades programadas para celebrar a Lenda da Pena Molexa.

20 sábado

20.00 H

SOLPORES DE CANIDO

Música

CENTRO CÍVICO DE CANIDO

DE BALDE

NOVA EDICIÓN DESTE CICLO DE CONCERTOS QUE CONTARÁ COAS ACTUACIÓNS DE AS ÁNIMAS, NEBRA E AMIGA.

Solpores de Canido consolídase como unha das citas culturais do inicio do verán en Ferrol, grazas á proposta da asociación de veciños do barrio, que combina concertos gratuítos, apoio á música independente e un espazo privilexiado.

A programación da primeira xornada, prevista para o 20 de xuño, contará coas actuacións de As Ánimas, ás 20.00 horas; Nebra, ás 21.00 h; e Amiga, ás 22.00 horas.

24 mércores

19.00 H

HOXE SI!

Novo circo

PISTA MUNICIPAL DE CENTEIRAS (FENE)

DE BALDE



PROPOSTA CHEA DE HUMOR, TENRURA E ACROBACIAS AÉREAS GALARDOADO CO PREMIO MANU LAGO AO MELLOR ESPECTÁCULO DE RÚA.

A artista multidisciplinar Marta Iglesias chega a Fene coa súa compañía Sempre Arriba para dar vida a unha montaxe que combina linguaxe clown, circo, música e moita interacción co público arredor dun espazo de xogo marcado por un triángulo escénico e obxectos que soben, baixan e flotan no aire.

20-28 venres-domingo 20.00 H

PERLA MURAL FEST

Festival

PERLÍO (FENE)

17-28 €



CUARTA EDICIÓN DESTE FESTIVAL QUE COMBINA NO BARRIO DE PERLÍO ARTE URBANA E MÚSICA EN DIRECTO.

Rufus T. Firefly, referentes do rock psicodélico independente; Melon Diesel, que regresan aos escenarios recuperando o seu característico pop-rock melódico de finais dos 90 e o artista galego Luis Fercán, cunha proposta íntima e emocional baseada na canción de autor e nun estilo próximo ao folk contemporáneo son a base do festival.

27 sábado 20.00 H

GADIS SURF FESTIVAL

Festival

CÁMPING DAS CABAZAS. COVAS (FERROL)

DE BALDE

A PRAIA DE ESMELLE ACOLLE ESTE EVENTO QUE COMBINA SURF, ACTIVIDADES DEPORTIVAS AO AIRE LIBRE E CONCERTOS

A programación musical abrirase o venres 26, ás 19.00 horas coa actuación de The Benturas e, ás 21.00 será a quenda de Fuah. O sábado 27 arrancará ás 18.50 horas con Amaramar. Ás 19.00 horas, chegará o concerto principal do festival: Carlos Sadness, un dos nomes máis recoñecidos do indie pop estatal. Pecha a programación, o domingo, Los Pucheros Atómicos ás 18.00 h.

27 sábado **HORA A ANUNCIAR**

DE NINGHURES

Música

LOCAL SOCIAL DE SAN XIAO (NARÓN)



A APARICIÓN DESTA BANDA NO PANORAMA GALEGO FOI UNHA REVELACIÓN. DE NINGHURES É A OPCIÓN PARA CALQUERA QUE BUSQUE UNHA EXPERIENCIA ÚNICA.

Son unha das bandas referentes da potente e rica escena do folk galego actual. Un grupo que mestura mestría musical e actitude desenfadada, que sorprende en cada canción coas súas diferentes voces e a súa actualización das coplas e melodías populares, e que nos fai tanto bailar como emocionarnos coa súa particular fusión da música tradicional galega con ritmos e inspiracións doutras culturas. Eles defínense como mozos dos anos 90 que creceron escoitando a grupos como Berrogüetto, Milladoiro e infinitas cancións doutros tantos estilos musicais. Por iso, defenden a música feita de raíz e a creación contemporánea que pon en valor a tradición. A súa ollada é completamente global: buscan sons diferentes de todas as partes do mundo sen prexuízos. As súas influencias van desde as músicas do Magreb ou o rock saharauí ata as melodías cubanas. Teñen amor pola experimentación. Deste eclecticismo e desta mocidade nace a súa frescura.

ESTREA DESTACADA | 19 DE XUÑO



A actriz, directora, guionista e produtora Aina Clotet foi galardoada co premio a Mellor Interpretación na Semaine de la Critique do Festival de Cannes. O filme confirma así a forza dunha proposta íntima, luminosa e profundamente emocional que conectou con xurado e público.

É a túa primeira longametraxe como directora. Como foi ese paso?

Hai uns anos decidín empezar a desenvolver proxectos privados para dirixilos eu mesma, co desexo de explorar temas que me inquietaban e crear personaxes femininos profundos e con sentido do humor.

Sentes que Nora representa a unha xeración?

Xunto con Valentina Viso creamos un personaxe inspirado na nosa propia experiencia como mulleres de corenta anos no mundo contemporáneo, en como nos sentimos respecto ás cousas.

Nora é, en esencia, a encarnación dos nosos medos, as nosas ansiedades, pero tamén das nosas esperanzas e a nosa comprensión do que significa, desde a nosa perspectiva, estar vivas, ou mellor dito, sentirnos vivas. Non sei se representa a unha xeración, pero sen dúbida si que creo que temos ganas de ver na pantalla personaxes femininos potentes, erráticos, que intentan loitar contra tantas estruturas e prexuízos herdados.

Por que este marco de seca extrema, un pouco distópico?

Desde o principio, intuimos que a historia de Nora debía desenvolverse nun contexto específico que resaltase as ideas, reflexións e emocións que queríamos transmitir. Por iso situamos o relato nunha Cataluña seca extrema, esaxerando unha realidade que xa viviamos, e utilizamos toques fantásticos para reflectir o estado emocional e as obsesións de Nora.

Nora sae dunha enfermidade importante que lle deixou marcas físicas, que lugar ocupa o corpo, o físico,

nese proceso que vive?

O corpo é central; Nora libra unha loita constante entre o seu corpo e a súa mente, en busca de pracer, entretemento, á vez que experimenta un profundo temor á soidade, xa que esta lle lembra a súa mortalidade. Nora comprendeu, a través da súa enfermidade, que a vida é efémera, e é precisamente por este intenso temor que desexa vivirla ao máximo máis que nunca. E queríamos tratar o seu mastectomía coa máxima naturalidade, para contar que desexa recuperar o seu desexo, redescubrir o seu corpo, e volver amalo.

Que che gustaría que o espectador se levase despois de vela?

Gustárame que quedasen coa idea da joie de vivre, da paixón e as ganas de vivir que ten Nora. Nora é unha sobrevivente que, ao final do camiño, é capaz de superar non só a súa enfermidade, senón tamén o tsunami emocional ao que se enfronta. Que sintan esa pulsión por vivir intensamente a pesar dos medos.

Caramel (extracto)

05 xuño**¿QUÉ TE DICE ESA
NATURALEZA?****Hong Sangsoo**

2025 | COREA | 108' | COREANO

EN CARTELEIRA DESDE O 29 DE MAIO



Donghwa, un novo poeta de Seúl de trinta e tantos, acompaña á súa namorada Junhee a casa dos seus pais no seu coche noventeiro, coa intención de marchar pronto. Fascinado pola beleza da casa, situada nun outeiro, é invitado polo seu sogro a quedar. É a primeira vez que coñece aos pais da súa noiva, tras tres anos de relación. Durante un día e unha noite, comparte a vida da familia: paseos, unha visita a un templo xunto ao río e longas conversas. Entre risos, viño, licor forte e unha cea caseira, as miserias familiares e persoais saen á luz, revelando a natureza de cada un.

Berlín 2025 (Sección Oficial)

“Hong Sangsoo non defrauda aos seus fans con outro filme sobre a beleza, o amor e as pequenas miserias” El Periódico

**CADA DÍA NACE UN LISTO
Arantxa Echevarría**

2026 | ESPAÑA | 97' | ESPAÑOL | +16



Toni Lomas alcanzou a fama cando participou nun exitoso talent show. Agora non ten onde caerse morto. A súa situación cambia cando Malena, un amor do pasado, ponno en contacto con Júnior, o fillo dun rico

empresario, para que roube un valioso cadro da casa familiar. Toni buscará dous aliados: la Mari e el Gallego, formando un equipo no que cada un persegue os seus propios intereses.

Málaga 2026 (Sección Oficial)**REBUILDING****Max Walker-Silverman**

2025 | EUA | 95' | INGLÉS | +7



Despois de que un incendio forestal arrasara a súa granxa, Dusty (Josh O'Connor), un pai divorciado, vese obrigado a comezar de novo nun campamento de casas rodantes habilitado polo goberno. En medio da dor, encontra unha inesperada rede de apoio nos seus novos veciños, mentres tenta recompoñer os lazos rotos coa súa familia.

Karlovy Vary 2025 (Premio do Xurado Ecuménico)

“Unha obra de sutil pero profunda emoción” Screendaily

BACKROOMS**Kane Parsons**

2026 | EUA | 110' | INGLÉS | +12



Unha estraña porta aparece no soto dunha exposición de mobles.

12 xuño**IVÁN & HADOUM****Ian de la Rosa**

2026 | ESPAÑA | 101' | ESPAÑOL | +12

Iván namora de Hadoum, unha nova compañeira, no invernoiro de Almería onde ambos traballan.



Con todo, o seu anhelado ascenso laboral interferirá na súa relación, forzándolle a decidir que tipo de persoa quere ser.

Berlinalle 2026 (Teddy Award)

“Unha oda de amor á convivencia desde a experiencia trans” El Cultural

ELEONORA DUSE, LA**DIVINA****Pietro Marcello**

2025 | ITALIA | 122' | ITALIANO | +12



Na Italia de posguerra e tras anos afastada dos escenarios, a lendaria actriz Eleonora Duse (Valeria Bruni Tedeschi) sente o impulso irrefreable de volver ao teatro, o único lugar onde algunha vez foi verdadeiramente libre. Duse converte o seu regreso nunha loita contra o tempo, o poder e a súa propia decadencia, nun acto valente e luminoso fronte a un mundo en transformación.

Venecia 2025 (Sección Oficial)

“Un estudo incisivo do papel da arte nun estado fascista” Slant

19 xuño**15 PRUEBAS DE AMOR****ALICE DOUARD**

2025 | FRANCIA | 96' | FRANCÉS | +12

Céline agarda o seu primeiro fillo. Pero non é ela quen está embarazada. En tres meses, a súa



muller Nadia dará luz á súa filla. Baixo a mirada dos seus amigos, da súa nai e da lei, Céline busca o seu fogar e o seu sentido da lexitimidade, mentres loita contra un sistema que lle pon trabas para acadar o único que desexa, ser a nai da súa propia filla.

Cannes 2025 (Semana da Crítica)

“Fermosamente concibida e de alcance universal, cun enfoque íntimo e humano nas esperanzas, soños e temores cotiás das persoas” Variety

VIVA

Aina Clotet

2026 | ESPAÑA | 113' | CATALÁN | +16



Nora é unha muller de corenta e poucos anos que acaba de superar unha enfermidade e que, tras esa experiencia, sente unha urxencia radical por vivir intensamente. Nora encóntrase dividida entre a orde e a seguridade da súa relación de toda a vida con Tom e a aparición inesperada de Max, un mozo que esperta nela unha nova pulsión de desexo e liberdade.

Cannes 2026 (Semana da Crítica: Premio Revelación)

“Afástase de calquera convencionalismo. Profundamente singular” Caimán



CASO 137
Dóminik Moll

2025 | FRANCIA | 115' | FRANCÉS

Stéphanie, axente de policía de Asuntos Internos, é asignada a un caso relacionado cun mozo gravemente ferido durante unha manifestación. O caso adquire aos poucos un cariz persoal ao descubrir que a vítima é da súa mesma vila ca ela o que transformará o dossier 137 en algo máis ca un simple caso.

Cannes 2025 (Un Certain Regard)

“A brutalidade policial exposta nun thriller frío, rigoso e modélico, tan digo dos mellores anos 70 como de agora mesmo” El Mundo

26 XUÑO
LETRAS ROBADAS
John Carney

2026 | EUA | 96' | INGLÉS



Cando Rick, un cantante de vodas en decadencia, coñece a Danny, unha exestrela de boy band, conectan nunha improvisación nocturna que converte unha canción de Rick nun éxito que relanza a súa carreira. Decidido a recuperar o recoñecemento, Rick arrisca todo o que lle importa.

“Ten os acordes bonitos que esperas dunha película de John Carney, no entanto, tamén ten a discordia do verdadeiro drama” Variety


Off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

MAR 9 ÁS 20:00

LOS ILUSOS 13+13
Jonás Trueba

ESPAÑA | 93' | ESPAÑOL



“Los Ilusos” (2013) foi un filme sobre o desexo de facer cine, ou sobre o que fan algúns cineastas cando non fan cine; sobre conversas, bebedeiras, sobre os paseos ao saír do cine; sobre estar namorado; sobre estar só e estar con amigos, construíndo futuros recordos para un filme futuro. 13 anos despois da súa estrea, que consagrou o talento de Jonás Trueba, regresa ás salas unha nova versión que incorpora a cor orixinal da rodaxe, até o de agora inédita, e propón un diálogo entre ambos materiais.

ESTREA DESTACADA | 26 DE XUÑO



LETRAS ROBADAS

“Sempre estou á procura de personaxes interesantes que suxiran un mundo”, afirma John Carney, o director de filmes centrados na música como *Begin Again* e *Sing Street*.

Tras dedicarse a ser un cronista cinematográfico da música e da xente que a crea, Carney esculpiu un espazo intermedio único como narrador de historias.

Autoproclamado “músico fracasado”, colleu unha cámara e enfocouna na súa antiga paixón creativa. Carney é un cineasta de músicos; un bardo para os bardos. O personaxe que inspirou *Letras*

robadas (Power Ballad), foi un pai de corenta e tantos anos dun suburbio de Dublín que o director viu por casualidade un día. Levaba botas de coiro, unha guitarra na man e, con pouco éxito, metía á súa filla no asento traseiro do coche familiar. Carney di: “*Tiña o andar dunha estrela do rock, pero coma unha estrela do rock á que non lle sucedera nunca*”. Para Carney, era difícil atopar un actor que puidese interpretar de forma convincente a un músico que chegou aos espazos máis exclusivos do éxito musical.

“Nick Jonas ten un funcionamento

interno que se desenvolve constantemente. É inescrutabile», aporta un certo tipo de realidade e verdade misteriosas e enigmáticas á personaxe que realmente necesitabamos”.

A crítica do Festival SXSW, onde o filme tivo a súa estrea nos Estados Unidos en marzo, destacaron a actuación de Jonas. “*Non fai falta coñecer a carreira real de Jonas como estrela do pop para quedar abraiado polo magnetismo innato de Danny*”, pode lerse na crítica de *The Hollywood Reporter*.

Caramel (extracto)

DUPLEX Cinema

De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00
Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinale o contrario.


Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

Facemos parte de:





NOVELA

CÁNCARA

FRAN ALONSO | EDICIÓN XERAIS | 200 PÁX. | **17,95 €**

HUMOR, CRÍTICA SOCIAL E XOGO LITERARIO ÚNENSE DE XEITO ORGÁNICO NESTA NOVELA DE FRAN ALONSO.

O editor de Xerais regresa ao seu traballo como narrador para recoller un feito real acontecido en Baiona en 1983: o alcalde da vila manda deter a unha vaca que estaba a pastar nun xardín e a partir de aí desátase unha algeirada popular e mediática que chega a toda España e incluso a prestixiosos medios de Estados Unidos. Fóra do chocalleiro, Alonso parte deste feito para facer unha crítica do poder actual e histórico e as razón pedestres que agochan certo tipo de decisións aparentemente inexplicables. A maiores, o escritor organiza o material de xeito habelencioso e mesturando crónica xornalística, lenda e visión humorística na experiencia dos protagonistas. Así, dá voz á propia vaca que comparte cos lectores a súa aventura, o pasmado dono do animal, o pobo que comenta o acontecido, a xornalista da que parte a noticia, o espírito errante, unha misteriosa voz da que ao final descubrimos a quen pertence, e o propio escritor que xustifica os seus recordos e a escolla creativa incluso enfrontándose ao espírito errante. En síntese, unha obra que pretende facer crítica do poder da Galicia dos 80 e agora pero usando armas narrativas que son quen de facer crónica literaria e, de paso, deixarnos un sorriso nos beizos.

NOVELA

CORAZÓN DE CAN

MIKHAÍL BULGÁKOV | HUGIN E MUNIN | 152 PÁX. | **16 €**

Mikhaíl Bulgákov (1891-1940) é un dos referentes indiscutidos da novela rusa do século XX e autor dun do seus cumios, “O mestre e Margarita”. Pero antes dela escribiu en 1925 (o de publicar xa era outro conto en tempo de Stalin) unha obra inzada de crítica social e un humor abrasivo. Trátase deste “Corazón de can” que agora vén de verter ao galego a editorial Hugin e Munin na espléndida tradución de Rosana Muras e María Tolstaia. Unha parodia ao “home novo” soviético capaz de unir “A illa do doutor Moreau” coa sátira política máis afiada.

DESEÑO

O LIBRO DE BARRO

PEPE BARRO | FUNDACIÓN DIDAC | 400 PÁX. | **40 €**

O deseñador eumés Pepe Barro compila cinco décadas de labor neste volume que recolle o que foi a exposición “O arquivo de Barro” na Fundación Didac de Compostela, á que se lle pode solicitar a publicación: (info@didac.gal). O referente do deseño galego das últimas décadas amosa a súa obra á par que o volume inclúe artigos e entrevistas de Mónica Maneiro, Margarita Ledo, Eric Satué, Suso de Toro ou David Barro entre outros. Unha mirada moderna e sintética de como pode ser Galicia con artistas que a ven e definen co descomunal talento gráfico de Barro.

DELICIAS SONORAS




PORTOSANTO TEN QUE HABER UN SITIO PARA NÓS

Trala disolución da banda compostelá Oh! Ayatollah os seus membros iniciaron diversas traxectorias das que a máis coñecida e con maior repercusión é a de Nuno García ao fronte de Grande Amore. A boa relación do quinteto fixo que recuncaran cun novo proxecto que leva por nome Portosanto. Del “Ten que haber sitio para nós” é o seu primeiro froito editado pola discográfica Ernie Records e composta por dez temas. O que atopamos aquí é un power pop inzado de enerxía e intensidade emocional que fala do paso do tempo e da fraternidade construída e mantida a través da experiencia e a busca dun lugar no mundo. Guitarras nerviosas e afiadas de alto octanaxe como en “A verdade”, “Euforia”, a peza que dá título ao disco, “As cinzas”, “Cineclube” ou a intensidade reflexiva e vital de “Un novo mundo”. Unha colección de temas vibrantes, directos pero con melodía, que supoñen un renacer para esta inspirada banda compostelá. Por méritos propios e con este “Ten que haber sitio para nós” unha das máis interesantes do panorama do power pop galego que tanto demandaba traballos como o presente.



FRANCIS OF DELIRIUM RUN, RUN PURE BEAUTY

Se nos fixeran hai pouco un exame sobre a escena do rock independente en Luxemburgo o resultado sería un océano de ignorancia. Grazas á cantante e compositora Jana Bahrich algo máis imos sabendo. O seu proxecto Francis of Delirium, un trío de guitarra, baixo e batería, estase a converter nunha das sorpresas da temporada, aínda que hai un par de anos xa pasaron polo festival Primavera Sound. Agora a banda luxemburguesa edita o seu segundo disco, este “Run, run pure beauty” composto por once cancións. Un son independente de paisaxes abertas e melodías dramáticas. As mesturas do produtor Nicolas Vernhes conseguiron un encaixe inspirado entre un son de guitarras, percusións e arranxos orquestrais de trompa francesa e violín, aportando un toque cinematográfico e luminoso ao disco. Destaquemos pezas como “Out tonight”, a que dá nome ao disco, “Higher”, “Open up your mouth to love” ou a final “It’s a beautiful life” que supón un contrapunto final positivo a un disco que é toda unha gozada. Arriba Luxemburgo!



EDWYN COLLINS NATION SHALL SPEAK UNTO NATION

Hai xusto un ano o escocés Edwyn Collins publicaba este, o seu último e agardamos que non derradeiro disco. Aínda que xa pasou un tempo recuperamos esta alfaia conmovidos e fascinados polo paso de Collins o pasado mes por Galicia nunha xira de despedida dos escenarios. Se existe a felicidade como espectadores o que sentimos vendo e escoitando a Collins e a súa banda na sala Capitol de Compostela debe parecerse moito. Este disco reflexa moi ben ese estado de ánimo calmado e inspirado que transmitiu desde o escenario, un artista que pasou por dous derrames cerebrais e que recuperou milagrosamente a capacidade de cantar, que non de tocar. Collins foi quen de facer 11 cancións tan fermosas entre as que destacamos “Knowledge”, que interpretou na Capitol, “Paper planes” ou “The heart is a foolish thing”, recuperando ese son que mesturaba de xeito tan insólito como excitante á Velvet Underground e os Byrds coa Motown e o funk, con toques de country como en “Sound as a pound”. Un disco memorable dun ser a quen o seu talento se impuxo á enfermidade para o noso gozo.

SALA CURUXEIRAS

PUERTO Y CIUDAD

8 - 9 JUNIO

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 11.00 A 13.00 H

SHOWCOOKING DE LA COFRADÍA DE PESCADORES DE FERROL

24 JUNIO - 5 JULIO

📍 SALA CURUXEIRAS

🕒 11.30 A 13.00 Y DE 17:30 A 20:00 H

EXPOSICIÓN ENTELEQUIA

4 JULIO

📍 MUELLE EXTERIOR DEL PUERTO INTERIOR

🕒 10.00 A 13.00 H

JORNADA DE PESCA INFANTIL

 Ferrol
Puerto

Autoridad Portuaria
Ferrol - San Cibrao

Fotografía

HABITAR O BALEIRO

DO 08/06 AO 31/07/2026

AFUNDACIÓN (FERROL)



DE LUNS A VENRES: 11.00 A 14.00 H E DE 17.00 A 20.00 H SÁBADOS: DE 11.00 A 14.00 H E DE 17.00 A 19.00 HORAS. DOMINGOS/ FESTIVOS PECHADO

Proxecto fotográfico e xornalístico que afonda nos cambios que atravesamos o rural galego e nas historias humanas que sobreviven entre o abandono, a resistencia e a memoria.

A mostra naceu da man do fotógrafo Brais Lorenzo e dun equipo de xornalistas formado por Cláudia Morán, Alba Moledo, Sergio Pascual, Lucía Abarrategui e Alba Rodríguez Saavedra, co apoio da produtora Metrópolis. Xuntos percorreron diferentes zonas rurais de Galicia, especialmente nas provincias de Ourense e Lugo, para documentar unha realidade que adoita pasar desapercibida: o envellecemento da poboación, a soidade, o impacto dos incendios e da seca, a convivencia cos parques eólicos ou as novas formas de habitar o territorio de quen decide quedar ou regresar ao campo. A mostra constrúese a partir de fotografías, vídeos, audios e textos que conforman unha experiencia inmersiva e un retrato coral do rural galego contemporáneo. Máis alá da dimensión documental, *Habitar o baleiro* propón unha reflexión sobre a relación entre territorio, identidade e futuro.

O traballo foi recoñecido con galardóns de prestixio internacional, entre eles os premios Ortega y Gasset, Sony World Photography Awards ou Istanbul Photo

Awards. Ademais, a mostra xa pasou por espazos como o Museo do Pobo Galego, o Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense, o Museo Provincial de Lugo, o Museo de Castrelos de Vigo ou o Museo Camilo José Cela de Padrón.

Histórico-documental

300 ANIVERSARIO DO DEPARTAMENTO MARÍTIMO DO NORTE (1726-2026)

ATA O 28/06/26

MUSEO NAVAL (FERROL)



DE LUNS A VENRES: 09.30 A 13.30 H. SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS: DE 10.30 A 13.30 H

Mostra organizada polo Arsenal de Ferrol e o Museo Naval para conmemorar os 300 anos da creación do Departamento Marítimo do Norte. A exposición reúne retratos, planos, documentos, libros e pezas históricas, ademais de 18 paneis explicativos e 80 láminas ilustrativas de Juan Antonio Rodríguez-Villasante Prieto.

Entre os fondos máis destacados figuran o Atlas de España de Vicente Tofiño de San Miguel e as planchas de cobre dos séculos XVIII e XIX do Instituto Hidrográfico da Mariña, xunto con outros materiais que permiten coñecer a evolución do Arsenal e a importancia marítima de Ferrol. A mostra inclúe tamén vitrinas con publicacións e documentos históricos vinculados á navegación e á actividade naval da cidade. O percorrido ofrece unha visión da evolución do Departamento Marítimo e do papel estratéxico de Ferrol na historia da Armada española.

XUÑO

02 martes

INFANTIL

18.00 h Centro Cultural Torre de Ballester. Ferrol.

CACHO ANIMALADA



03 mércores

MÚSICA

19.00 h Auditorio. Ferrol.

PICELADAS SONORAS

04 xoves

MÚSICA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA



05 venres

MÚSICA

17.00 h Casa da Cultura. Fene.

CONCERTO DAS ESCOLAS CULTURAIS DE MÚSICA

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LES GREENE AND THE PICKIN' BOPPERS



06 sábado

FESTA

11.30 h Neda.

I ENCONTRO DE XIGANTES E CABEZUDOS



MAXIA

17.30 h Auditorio. Ferrol.

DAKRIS, O MAGO INVISIBLE



MAXIA

20.30 h Auditorio. Ferrol.

DAKRIS, O MAGO INVISIBLE



MUSICAL

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

O LIBRO DA SELVA

TEATRO E MÚSICA

20.30 h Teatro da Beneficencia. Ortigueira.

CABARÉ CLIMÁTICO



MÚSICA

23.30 h Sala La Room. Ferrol.

LA ROOM ELECTRÓNICA: MARIO D' FER, OCCY Y VANSON.

07 domingo

DOMINGOS A ESCENA

19.00 h Centro Cívico de Caranza.

XA É HORA

09 martes

INFANTIL

18.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

CONTOS DA TRIBO

11 xoves

MAXIA

20.00 h Centro Cívico de Caranza. Ferrol.

JOSHUA KENNETH



13 sábado

MÚSICA

11.00 h Casa da Cultura. Fene.

PRESENTACIÓN DO VIDEOCLIP DE GAEI ARES

MÚSICA

18.00 h Rúa das Cerámicas. San Xiao. Narón.

TRASANKOS ROCK: KAOS URBANO, RATZINGER, RUXE RUXE, THE ESKARALLAS, DEMENZA SOCIAL, LUCY



TEATRO**20.30 h** Teatro Jofre. Ferrol.**RECONVERSIÓN****14domingo****DOMINGOS A ESCENA****19.00 h** Centro Cívico de Caranza.**SUIÑA****20sábado****SOLPORES DE CANIDO****20.00** Centro Cívico de Canido. Ferrol.**AS ÁNIMAS****21.00** Centro Cívico de Canido. Ferrol**NEBRA****22:00** Centro Cívico de Canido. Ferrol.**AMIGA****MÚSICA****22.00 h** Luhar de Vilasuso. O Val. Narón.**XURXO FERNÁNDES: LEVAINO!****21domingo****DOMINGOS A ESCENA****19.00 h** Centro Cívico de Caranza.**LOS HOMBRES NO MIENTEN****24mércores****NOVO CIRCO****19.00 h** Pista Municipal de Centeiras. Fene.**SEMPRE ARRIBA (HOXE SI!)****26venres****GADIS SURF FESTIVAL****19.00 h** Camping As Cabazas. Covas. Ferrol.**THE BENTURAS****GADIS SURF FESTIVAL****21.00 h** Camping As Cabazas. Covas. Ferrol.**FUAH****27sábado****MÚSICA****12.30 h** Pista do Perla Mural Fest. Perlió. Fene.**LOS JINETES DEL TROPICO****GADIS SURF FESTIVAL****18.50 h** Camping As Cabazas. Covas. Ferrol.**AMARAMAR****GADIS SURF FESTIVAL****19.00 h** Camping As Cabazas. Covas. Ferrol.**CARLOS SADNESS****MÚSICA****21.00 h** Camping Valdoviño..**AUM REGGAE****MÚSICA****22.00 h** Pista Polideportiva de San Xiao. Narón.**DE NINGHURES****28domingo****GADIS SURF FESTIVAL****21.00 h** Camping As Cabazas. Covas. Ferrol.**PUCHEROS ATÓMICOS****DOMINGOS A ESCENA****19.00 h** Centro Cívico de Caranza.**DEUS NON QUERE CALDERILLA**

ai
Nº 216
ANO XIX

EDITA:

ee | edicións **embora**
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

f @Ai

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilítana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



Deputación
DA CORUÑA

A paisaxe que sabe

* Terra 
FISTERRA

 Retiro da Costiña * * *
SANTA COMBA

* As Garzas 
MALPICA DE
BERGANTIÑOS

 Árbore *
da Veira
A CORUÑA

* Casa 
Marcelo
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

 O Pazo *
PADRÓN

* A Tafona 
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

 Simpar *
SANTIAGO DE
COMPOSTELA

* O Balado 
BOQUEIXÓN

 O Secadeiro *
SERRA DE OUTES

ESTRELAS
MICHELÍN
2025

turismodacoruna.gal